

TABOADA*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 15.01.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 15.01.2025 aprobou as bases para seleccionar **2 PEÑONS DE OBRAS** no marco do **PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024**. Duración: 6 meses

- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.323,00€.**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 15 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0125

O VALADOURO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACIÓN PROCESO SELECTIVO. 2 ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (ARTIGO 2 DA LEI 20/2021)**

DON JOSÉ MANUEL LAMELA PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas "Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira no Concello de O Valadouro incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de O Valadouro para o ano 2022, artigo 2 da Lei 20/2021, sistema de concurso-oposición, acceso libre," publicadas no BOP de Lugo núm. 289 de 20 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022).

Rematado o procedemento de selección por concurso-oposición, o día 13 de decembro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello de O Valadouro e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a toma de posesión das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como funcionaria de carreira do Concello de O Valadouro, para unha **praza de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, a xornada completa, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022), coa seguinte aspirante: